

BASES DA PROMOCIÓN "RASCA E GAÑA" COMERCIO DE CULLEREDO DO CONCELLO DE CULLEREDO

O Concello de Culleredo, dentro da campaña de dinamización local do comercio, vai realizar un sorteo de diversos premios, en concreto, 3.206 premios, aos que se pode acceder mediante un total de 100.000 papeletas "Rasca e Gana" que se repartirán entre os establecementos participantes. Cada establecemento repartirá un mínimo de 16 agasallos e recibirá 500 boletos.

A repartición de boletos aos clientes efectuaráse entre o 15 de decembro de 2022 e o 6 de xaneiro de 2023 ou ata fin de existencias nos comercios e empresas participantes.

Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra e ata finalizar as existencias.

PREMIOS:

- **1 Patín eléctrico Youin- You Go L2**
- **1 Smart TV LG de 55"**
- **1 Robot Aspirador ROOMBA COMBO 1138D**
- **2 SmartPhones Xiaomi REdmi 10 – 128GB**
- **1 SmartWhatch Redmi Watch 2 Lite GL**
- **400 baterías Powerbank 1200mAh**
- **1.000 soportes para móvil**
- **1.000 Totebags algodón**
- **400 cuncas mug**
- **400 tarjeteros metálicos**

- No caso de atopar un dos premios especiais nun dos boletos o/a interesado/a terá que chamar ao teléfono 606030827 onde lle indicarán cando dirixirse co boleto premiado á oficina de Promoción Económica, situada no CENTRO MUNICIPAL "PABLO PICASSO" C/ Antonio Machado, s/n. 15670. O Burgo-Culleredo.Teléfono: 981-664204, en horario de 10:00 a 14:00h. de luns a venres, onde o persoal da oficina ocuparase de xestionar a entrega do agasallo.
- En ningún caso os premios serán trocables polo seu valor en efectivo. Non se considerarán válidos os boletos premiados cando nos mesmos se aprecien roturas, riscadas, emendas ou deterioracións, ou calquera outra alteración ou manipulación que impida ou dificulte o seu total e perfecta identificación e autenticación como boletos premiados.

- Os/as gañadores/as dos premios especiais terán que confirmar a aceptación do premio por escrito para poder recibilo mediante a firma dun documento que lles entregará o Concello de Culleredo. Os premios Patín eléctrico Youin- You Go L2, Smart TV LG de 55” e Robot Aspirador ROOMBA COMBO 1138D estarán suxeitos a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo do gañador.

CONDICIÓNS XERAIS DA PROMOCIÓN:

- Non poderán participar na promoción o/a titular, os/as empregados/as ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor do boleto. Si poderán participar nos emitidos por outros establecementos asociados
- Os premios só poderán ser entregados a maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.
- Os establecementos participantes estarán identificados cun cartel indicando a campaña. A data límite para reclamar o premio é o 15 de xaneiro de 2023. Os concursantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web www.culleredo.es/. Os/as premiados/as autorizan ao Concello de Culleredo a utilizar publicamente o seu nome e imaxe en medios e en calquera soporte divulgativo relacionado coa Campaña “RASCA E GAÑA” do Concello de Culleredo. A participación na campaña implica a aceptación íntegra das bases.